

## UNICORNIO DE CORES!

Boas amig@s:

Hoxe vos traio unha nova proposta plástica, imos facer un Unicornio de cores. Aínda que esta tarefa está graduada para as clases de 3º a 5º de plástica, o resto tamén podedes facer a vosa propia adaptación ou axustarvos ás pautas explicadas para cada curso.

Para poder facer esta lámina precisamos o seguinte:




- Papel de debuxo ou folio.
- Lapis e goma.
- Ceras ou lapis de cores.
- Rotuladores de cores.
- Acuarelas.
- Pincel grosso e fino (se hai opción).
- Purpurina, cola ou purpurina en xel (opcional).






Non esquezas prepararte antes de comezar a traballar, sobre todo cando comeces cas acuarelas.

1º. Imos comezar a facer o bosquejo a lapis do unicornio. Non esquezas situar o primeiro tramo do debuxo no punto central da folla en posición vertical. Aquí abaixo podes ver os tres primeiros pasos.

1. Debuxa no zona central unha U ao revés.
2. Debuxa unha liña curva que vai dende a parte baixa da orella, así crearás o nariz.
3. Logo engade dúas liñas lixeiramente oblicuas, unha saíndo do final da liña curva e a outra dende o outro punto da orella.



4. Agora que xa temos a silueta do noso unicornio, só nos queda ir engadindo pequenos detalles. Neste punto, podes observar que se engade o ollo, o nariz e parte do cabelo.
5. Seguimos engadindo máis detalles, neste caso o corno. Fíxate que sae a partir da zona da orella.
6. Rematamos de engadir detalles no pelo, no corno, e como verás nos exemplos que engadín, tamén podes poñer outro tipo de detalles pequenos.



Aquí tamén che inclúo algunhas ideas que podes empregar para debuxar os detalles do teu unicornio, pero lembra que non é unha idea pechada, trátase de engadir detalles de forma creativa.

Para os maiores, lembre de traballar un pouco a proporción, pense a idea e logo debuxade.

Este primeiro debuxo farémolo co lapis.


Moi ben amig@s, seguro que xa tendes feito o voso pequeno bosquexo. A partir de aquí lembre que imos traballar con ceras e con rotuladores, co cal hai que ter moito coidado coa orde ca que pintades. Lembredes que pasa cando poño primeiro a cera e logo o rotulador por enriba? Pois si, que son materiais totalmente diferentes, a cera é máis graxa e rotulador líquido, polo que se poño primeiro a cera e logo quero engadir detalles a rotulador, estes non se van poder debuxar correctamente. Así que coidadiño!

Se queres, fai nunha folla en sucio unha proba e compróbaos, sobre todo os que nunca fixestes esta práctica.

No debuxo que vos indico, eu xa rotulei o bosquexo, polo que o deixei secar un pouco e borrei totalmente os restos de lapis.



Agora pasamos a poñer as cores no **unicornio**, o fondo queda para o final. Imos facer o seguinte:



- Coloreamos as zonas máis grandes con ceras, se non tes ceras emprega lapis de cor.
- Os detalles pequenos, como o corno, ollo, parte interior da orella... pintarémolos con rotuladores.

Para finalizar o debuxo só nos queda o fondo, que neste caso imos facer segundo o noso nivel e opcións:

**3º Primaria** : colorearemos o fondo con lapis de cor. Non esquezades que podedes engadir pequenos detalles no fondo, tal e como fixen eu, ou debuxar estrelas, etc...


**4º Primaria**: segue as mesmas pautas que para 3º, o fondo pode ser a lapis de cor, ou se algún ten as acuarelas pode comezar a probar seguindo as pautas de 5º.

**5º Primaria**: ides traballar o fondo con acuarelas, pois xa sabemos como traballar con elas. Podedes engadir detalles, facer técnicas de difuminado ou pintar o fondo cunha soa cor. En calquera das opcións que escollas, unha vez seco, debes engadir estrelas facéndoo ca técnica de salpicado (como fixemos cas constelacións, pero esta vez con acuarela branca).


**Lembra dúas cousas:**

1. Coidado co exceso de auga na folla, pode romperse e o rotulador mesturarse coa auga e pode complicar o traballo.
2. Deixa secar o debuxo e logo perfila ben os detalles co rotulador negro. Xa sabes que ás veces se borra un pouco.

Aquí che deixo dous exemplos do resultado final:



Se vas a difuminar, lembra comezar cunha cor clara e logo ir introducindo as escuras pouco a pouco. Neste caso eu comecei ca zona central co branco e amarelo, introducindo logo o rosa claro e ir escurecendo cara as esquinas introducindo cor azul. Todo dependerá das cores que empregues.



Aquí o fondo é da mesma cor, pero tamén lle introducín un pouco dun azul máis escuro e amarelo arredor da estrela.

Á volta veremos eses unicornios. Lembrade pasalo ben!